

## Actuacións na Biblioteca

- Debido á actual situación orixinada pola COVID-19 a biblioteca do centro funcionará como aula durante este curso 2020-21. As actividades que tiñan lugar nos recreos quedan, polo tanto, alteradas.
- Poderá utilizarse nos recreos, en circunstancias excepcionais, cando algún alumno/a precise dun lugar de estudo, sempre e cando estea presente nela alguén encargado/a.  
Será necesario respectar tanto o aforo (5 persoas) como as medidas hixiénicas de desinfección de mans.  
Non está permitida a libre circulación pola biblioteca.  
Só se poderán ocupar os postos indicados que deberán quedar desinfectados antes de saír.
- Tamén en circunstancias excepcionais poderán usarse os ordenadores (2 postos) sempre e cando estea presente nela alguén encargado/a.  
Será necesario a desinfección de máns xusto antes de encender o ordenador.  
Os postos ocupados deberán quedar desinfectados antes de saír.
- Hai unha porta de entrada e outra de saída.
- No caso de que a biblioteca sexa ocupada durante o recreo será ventilada durante 10 mt ao principio se antes houbo clase e durante 5 mt ao final.
- Os libros a devolver quedarán depositados nunha caixa situada á entrada da biblioteca onde permanecerán 3 días en corentena.
- Para solicitar un préstamo o/a alumno/a cubrirá unha folla co seus datos, título e autor do libro, data e hora da solicitude. Se a solicitude se fai no primeiro recreo, o libro poderá recollerse no segundo; se se fai no segundo, o libro poderá recollerse no primeiro recreo do día seguinte. Estes prazos poderían alterarse circunstancialmente por imposibilidade de asumir a tarefa.
- Non poderán efectuarse préstamos directos entre alumnos/as.
- Prégase que as datas de devolución sexan respectadas escrupulosamente para poder asegurar o maior número posible de préstamos dese libro.

Modelo de solicitude

Nome	Apelidos	
Nº carnet lector	Curso	Clase
Titulo libro		
Autor/a		
Data da solicitude	Hora da solicitude	